

## **ACORDOS DA COMISIÓN DE TÍTULO DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA, 2014 – 2015**

### **25 de setembro de 2014**

#### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Valoración de novas fórmulas para a realización do Prácticum e o TFM
4. Previsión e asignación de gasto da partida orzamentaria do Máster
5. Funcións dos profesionais que ocupen as prazas PACS asignadas ao Máster
6. Asignación de centros privados colaboradores no Prácticum a titores académicos
7. Coordinación das materias do primeiro semestre 2014-2015
8. Rolda aberta de intervencións

#### Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 13 de xuño de 2014.
- Apróbase a posibilidade de que o alumnado busque pola súa conta dispositivos para realizar as prácticas profesionais, sendo prudentes no caso de estudantes comunitarios e extracomunitarios, e sempre e cando os dispositivos garanticen os requisitos esixidos para o máster e se asine o correspondente convenio.
- Apróbase que o/a estudante poida elaborar o seu traballo a distancia se o profesor tutor correspondente está disposto a facer as súas titorizacións de forma telemática.
- Acórdase enviar un e-mail ao panel do profesorado do máster solicitando as súas suxestións de invitación para a organización de charlas/obradoiros dirixidas aos/ás estudantes do máster, así como os criterios para priorizalas.
- Acórdase establecer dous criterios de priorización das propostas que cheguen.
- Acórdase explicitar as funcións específicas dos PACS con docencia práctica no máster.
- Acórdanse os criterios de asignación de titores académicos para os centros de prácticas en función da proximidade dos ámbitos de traballo.

### **17 de outubro de 2014**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Información para a elaboración do Informe de seguimento do título de Máster en Psicología Xeral Sanitaria
4. Revisión das preferencias dos profesores na asignación de dispositivos do Prácticum e das propostas recibidas de conferenciantes para as materias do Máster
5. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 25 de setembro.
- Apróbase a asignación de tarefas para a elaboración do informe de seguimento do máster, curso 2013-14.
- Apróbanse as propostas para a invitación de profesionais para impartir charlas vinculadas ás materias do máster.

### **27 de outubro de 2014**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Aprobación, se procede, do Autoinforme de seguimento do MUPXS
4. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 17 de outubro de 2014.
- Revisase o borrador do autoinforme de seguimento e acórdase o envío da versión definitiva aos membros da comisión, unha vez incorporadas as cuestións tratadas na reunión, dándoo por aprobado con estas modificacións.

### **10 de marzo de 2015**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster

3. Aprobación, se procede, de proposta de PDA curso académico 2015-2016
4. Valoración de cuestións relacionadas coa presentación e desenvolvemento dos TFM
5. Asignación, se procede, de titores académicos aos dispositivos do Prácticum
6. Asignación de prazas para a realización do Prácticum I, curso 2014-2015
7. Asuntos de trámite
8. Rolda de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 27 de outubro de 2014.
- Apróbase a proposta de PDA para o curso académico 2015-16.
- Apróbase a asignación de titores académicos aos dispositivos do Prácticum.
- Valídase a asignación de prazas de Prácticum I.

**30 de abril de 2015**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Aprobación, se procede, de horarios e calendario de exames para o curso académico 2015-2016
4. Valoración de solicitudes de convalidacións
5. Organización do acto de clausura do primeiro bienio do Máster
6. Asuntos de trámite
7. Rolda de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 10 de marzo de 2015.
- Apróbanse os horarios e calendarios de exames para o curso académico 2015-16.
- Acórdase a resposta a chegar a varias persoas solicitantes de información relativa ás posibilidades de validación de formación previa.
- Acórdase a organización dun acto de clausura do máster para a primeira promoción do mesmo.

## **19 de xuño de 2015**

### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Aprobación, se procede, dos programas das materias para o curso académico 2015-2016
4. Asignación, se procede, de titores académicos de Prácticum II e TFM para o curso académico 2015-16.
5. Aprobación, se procede, do procedemento a seguir na xestión de solicitudes de validación de créditos sanitarios para o acceso ao Máster.
6. Informe sobre a organización do Acto de clausura da 1ª promoción do Máster.
7. Rolda de intervencións

### Acordos:

- Apróbbase a acta da sesión de 30 de abril de 2015.
- Apróbanse os programas das materias para o curso académico 2015-16.
- Apróbbase a asignación de titores académicos de Prácticum II e TFM para o curso académico 2015-16.
- Apróbbase o procedemento a seguir na xestión de solicitudes de convalidación de créditos sanitarios para o acceso ao máster.